# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15027721 | IES Plurilingüe de Ames | Ames | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 40 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 41 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 42 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 43 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 44 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 44 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 44 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 46 |
| 7.2. Actividades complementarias | 47 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 47 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 49 |
| 9. Outros apartados | 50 |

## 1. Introdución

As linguas son instrumentos de comunicación social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá, de investigación e creación etc. Ademais, constitúen o principal signo de identidade dos pobos dos que son propias. A educación non pode perder de vista todas estas funcións e deberá outorgarlle a importancia merecida ás materias lingüísticas. Neste sentido, a materia de Lingua Galega e Literatura cobra unha relevancia incuestionable, posto que contribúe ao desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado así como ao seu coñecemento e valoración do patrimonio cultural galego, reafirmando así o seu sentido de pertenza respecto da comunidade lingüística da que forma parte. Polo tanto, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico.

A continuación, preséntase a programación didáctica (PD) para esta materia, dirixida a alumnado de 1º BAC. Esta PD é a folla de ruta que guía todo o proceso de ensino-aprendizaxe para o alumnado, o profesorado e as familias. Con todo, debe tomarse con flexibilidade e terá que adaptarse a distintas circunstancias ao longo do curso.

Ao longo da PD concretarase como se traballará o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura deste nivel, no que se establecen os obxectivos, criterios de avaliación e contidos que se deben abordar. Estes artellaranse en diferentes unidades didácticas, cada unha das cales permitirá traballar de forma integrada os catro bloques do currículo (As linguas e os seus falantes/ Comunicación/ Educación literaria/ Reflexión sobre a lingua).

Para rematar, no tocante á contextualización da programación didáctica, é importante destacar que o alumnado ao que está dirixido é o do concello de Ames, na súa maioría castelanfalante, o que condicionará necesariamente o modo de traballar ao longo do curso, que deberá centrarse en fortalecer a competencia comunicativa do alumnado en galego.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A lingua de ouro | Tras a avaliación inicial, abordarase a orixe e formación do galego, así como a súa situación e características na Idade Media. Trataranse as aportacións ao galego do substrato e do superestrato e a distinción de voces patrimoniais, cultas e semicultas. Comezarase co estudo das clases de palabras (substantivo e adxectivo). Farase un repaso de cuestións ortográficas, léxicas e semánticas a través de exercicios de Melloramos a lingua. Tratarase a literatura galego-portuguesa da etapa medieval, tendo en conta o contexto | 20 | 22 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A lingua de ouro | histórico e os distintos xéneros e temáticas, incidindo especialmente nas cantigas. Realizarase un percorrido pola diversidade lingüística no mundo e no Estado español; tratarase a presenza do galego no espazo común da lusofonía. | 20 | 22 | X | | |
| 2 | Descifrando textos: o oficio de escribir. | Introdución ás características do comentario de textos literarios, aplicándoas aos trazos máis característicos da lírica medieval. O alumnado realizará un traballo de análise dunha cantiga, buscará paralelismos na música actual e recreará a súa forma cunha temática do seu interese. Así mesmo, farase unha introdución ás características xerais do comentario crítico de textos e do texto argumentativo. A partir dalgún artigo de prensa que suscite o debate, o alumnado realizará unha proba escrita de comentario, que inclúa resumo do texto, tema e ideas principais, análise do título e comprensión dos valores denotativos e connotativos do léxico. | 6 | 5 | X | | |
| 3 | Ler coma quen respira | Lectura autónoma e individual a escoller entre as obras Golpes de luz (Ledicia Costas) e Futuro imperfecto (Xulia Alonso Ríos). Demostrarán a súa comprensión, opinións e reflexións a través dunha proba escrita. | 3 | 2 | X | | |
| 4 | Linguas sen fronteira | Analizaranse os elementos que interveñen na comunicación oral, incidindo na linguaxe non verbal; o alumnado realizará unha exposición pública na aula titulada "Os 40 principais da Lusofonía", baseada na investigación arredor de grupos musicais do ámbito lusófono, incluída Galicia. Así mesmo, incentivarase o uso correcto do galego nas intervencións orais de aula en todos os contextos comunicativos, formais e informais, programados ou espontáneos. | 3 | 4 | X | | |
| 5 | A luz do candil | Trataranse as funcións sociais da lingua e os conceptos de bilingüismo e diglosia para logo seguir co Galego Medio e a literatura dos Séculos Escuros, con mención á literatura popular. Abordarase tamén a etapa do Pre-Rexurdimento e Rexurdimento. Analizarase en profundidade a figura de Rosalía de Castro como | 20 | 24 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | A luz do candil | iniciadora da literatura galega contemporánea. Continuarase a revisión das clases de palabras (determinantes e pronomes) e o repaso gramatical de Melloramos a lingua. | 20 | 24 | | X | |
| 6 | Descifrando textos: a arte de escribir. | Seguiranse analizando as características do comentario de textos literarios. Posta en práctica coa interpretación e análise de textos do Rexurdimento.<br>Así mesmo, profundizarase na práctica do comentario crítico, atendendo a criterios de cohesión, coherencia e riqueza léxica. A partir dalgún artigo de prensa que suscite o debate, o alumnado realizará unha proba escrita de comentario. | 4 | 4 | | X | |
| 7 | Ler coma quen canta | A partir da lectura autónoma do volume Rosalía feminista (Helena Fernández, Xerais, 2019) o alumnado realizará un traballo de análise e reflexión sobre textos da autora, que incluirá un apartado de recitado dos seus poemas. Na preparación do recital incidirase especialmente en aspectos como a dicción correcta, o ritmo e a entoación, o uso expresivo da voz e as pausas dramáticas.<br>Seguirase reforzando o uso correcto do galego nas intervencións orais de aula en todos os contextos comunicativos, formais e informais, programados ou espontáneos. | 4 | 5 | | X | |
| 8 | Nós tamén navegar | O alumnado elaborará un conxunto de videopoemas de carácter creativo a partir dunha escolma de poesía contemporánea de temática feminista. Tomarase como punto de partida o libro Así fala Penélope (Unha antoloxía de xénero), de Marta Dacosta, Editorial Chan da Pólvora, 2022. | 4 | 3 | | X | |
| 9 | A locomotora da lingua | Analizaranse os estereotipos e prexuízos que existen sobre o uso do galego, especialmente no ámbito da mocidade. No contexto da literatura do Rexurdimento, analizarase a obra de Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez, así como outros textos de prosa ou teatro. Finalizarase a revisión das clases de palabras, con especial atención ao verbo e tratamento máis breve de adverbios, preposicións e conxuncións; completarase o repaso gramatical a través da sección Melloramos a lingua. | 20 | 24 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | A locomotora da lingua | | 20 | 24 | | | X |
| 10 | O falar non ten cancelas | Farase un repaso das características xerais do texto dialogal e as súas tipoloxías, centrándose sobre todo nas técnicas do debate. A partir dunha escolma de temas de actualidade (onde exista a posibilidade de soster posturas enfrontadas), realizarase na aula un torneo de microdebates na aula. Seguirase incidindo no uso correcto do galego a nivel oral, con riqueza léxica e coidado fonético. | 6 | 5 | | | X |
| 11 | Ler coma quen soña | Lectura autónoma e individual a escoller entre as obras Malcriada de Esther Carrodeguas e As alumnas, de Paula Carballeira. Demostrarán a súa comprensión, opinións e reflexións a través dunha proba escrita. | 4 | 2 | | | X |
| 12 | Anduriñas voadoras | A partir dunha selección de poemas de X.M. Pintos, Añón, Rosalía, Curros e Pondal analizarase o tema da emigración galega no século XIX desde todas as perpectivas posibles (afectiva, identitaria, económica, social, política) para realizar unha exposición con paneis informativos. | 6 | 5 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A lingua de ouro | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| | | PE | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñecer a pluralidade de linguas do Estado español e valorar o potencial comunicativo do galego na Lusofonía. Coñecer a orixe e formación do galego e a súa consolidación como lingua culta na Idade Media. Distinguir voces patrimoniais, cultas e semicultas; diferenciar estrato e superestrato. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Entender o sentido global de textos escritos de distintas tipoloxías e saber analizar e resumir a súa información esencial. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar que tipo de texto é o máis adecuado para cada situación comunicativa. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Escribir textos académicos de carácter formal sobre temas de actualidade con coherencia, riqueza léxica a partir da elaboración dun borrador ou esquema previo. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfosintácticas do galego normativo aos textos propios, incorporando de modo progresivo novo léxico. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Entender o sentido global dun texto escrito. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Interpretar correctamente as cantigas medievais poñéndoas en relación co seu contexto histórico e analizar os seus trazos estéticos definitorios. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente substantivos e adxectivos; coñecer as súas particularidades e saber explicalas con terminoloxía específica. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Distinguir ben as palabras patrimoniais, cultas e semicultas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).<br>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.<br>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.<br>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. |

| Contidos |
|---|
| - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Descifrando textos: o oficio de escribir. | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Reflexionar sobre os usos pexorativos e discriminatorios da linguaxe literaria das cantigas de escarnio e maldicir, especialmente os referidos ás mulleres soldadeiras e a colectivos non heteronormativos. Detectar e desterrar os usos ofensivos da linguaxe na comunicación co resto do alumnado. | TI | 100 |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Aprender a comunicarse en positivo, con frases de cortesía e xestualidade adecuada, respectando as quendas de palabra e practicando a escoita activa das opinións alleas. | | |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identificar o tema dun texto argumentativo e a tese que defende a autora ou autor. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identificar a estrutura dun texto argumentativo e analizar o contexto no que se produce, así como os elementos de estilo que utiliza para captar a atención do lector. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar activamente no traballo en grupo sobre a análise dunha cantiga ou no debate sobre a tese a defender nun texto argumentativo de actualidade. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Comprender o sentido global dun texto argumentativo, especialmente do ámbito da opinión xornalística ou académica sobre temas de actualidade. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar de forma crítica as opinións alleas, tendo en conta se responden a argumentos fiables e contrastados ou se vulneran os principios básicos dos dereitos humanos. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar unha análise coherente, cohesionada e con rexistro adecuado sobre unha cantiga medieval, planificando e revisando o proceso de elaboración. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos con corrección. Usar un léxico preciso apropiado, consultando os dicionarios cando se precise, e empregar axeitadamente os signos de puntuación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elaborar un traballo sobre unha cantiga medieval utilizando todas as fontes proporcionadas, organizar a información e reelaborada con palabras propias. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Comparar os distintos titulares dos xornais sobre unha mesma noticia; analizar criticamente os titulares sensacionalistas das redes sociais utilizados como anzol por certas páxinas para conseguir datos e seguidores. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Saber resumir as ideas principais dun artigo de opinión, identificar a tese que defende o autor e os argumentos que utiliza para defendelas. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Saber identificar a estrutura dun texto argumentativo e os trazos do rexistro formal propios do ámbito xornalístico e/ou académico. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar a tipoloxía dunha cantiga, os seus campos sémicos e os trazos formais empregando a metalinguaxe específica e expresando a propia opinión sobre o texto. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Establecer relacións entre unha cantiga medieval e unha canción actual, explicitando as razóns da asociación. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Elaborar unha cantiga de temática actual, empregando como modelo para imitar a traballada previamente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e emendar problemas de comprensión lectora empregando os seus coñecementos sobre o uso da lingua. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente os signos de puntuación e conectores textuais; revisar os textos para que presenten coherencia semántica e riqueza léxica, dentro dun rexistro formal adecuado para a argumentación; usar unha terminoloxía adecuada para a análise literaria das cantigas medievais. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Recoñecer substantivos e adxectivos nun texto e analizar o valor semántico que posúen, relacionándoos co tema e a intención comunicativa do autor/autora. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Realizar unha pequena investigación sobre o uso do eufemismo na comunicación política e económica. Valorar criticamente o uso da linguaxe como unha forma de "disfrazar" a realidade dos feitos ante a opinión pública. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. |

| Contidos |
| --- |
| - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Ler coma quen respira | 2 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler de modo autónomo e individual unha das seguintes obras: Golpes de luz (Ledicia Costas) ou Futuro imperfecto (Xulia Alonso Ríos), explicando de xeito argumentado a súa experiencia de lectura. | PE | 80 |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Expresar a súa valoración da lectura autónoma desde unha perspectiva crítica e comparativa, vinculándoas con outros textos literarios ou experiencias artísticas previas e empregando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Análise da obra literaria escollida a partir de preguntas guiadas e fragmentos do texto, coa intención de resumir argumento, tema, personaxes principais, estrutura narrativa e elementos de estilo. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Grabar un vídeo estilo "Booktuber", onde presenten de modo ameno e desenfadado a súa experiencia lectora, recomendando (ou non) a obra a outro alumnado. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. |

| **Contidos** |
|---|
| - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Linguas sen fronteira | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Comparar a letra de varias cancións de músicos contemporáneos do ámbito lusófono, incluíndo a artistas da Galiza. Identificar as características definitorias de cada variante lingüística. | TI | 100 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar positivamente o grao de intercomunicación que permite o coñecemento e uso do galego no ámbito internacional a través da relación cultural cos países lusófonos. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar unha exposición oral na aula que permita o coñecemento da traxectoria artística de grupos ou cantantes que representen, de modo significativo, a tradición musical dos diferentes países da Lusofonía. Optaremos sempre por ofrecer unha panorámica da música actual en distintos estilos. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar activamente no debate que se organice na aula sobre como son e deberían ser as relacións lingüísticas, culturais e políticas entre Galicia e Portugal. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Investigar sobre a experiencia do festival "Cantos na Maré", dando a coñecer a súa filosofía de integración da música galega no ámbito lusófono; elaborar unha serie de paneis expositivos sobre artistas que participasen nese festival, contextualizando a súa música e analizando as súas letras. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Investigar e comparar o léxico común do galego e portugués en ámbitos semánticos cotiáns: tempo metereolóxico e cronolóxico, vestimenta, partes do corpo, comidas.... Establecer unha lista de palabras que actúan como "falsos amigos" entre as dúas linguas, para evitar confusións de significado. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | A luz do candil | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñecer as evolucións fonéticas diferenciadas entre o galego e o portugués durante os Séculos Escuros. Valorar, dentro do ámbito da Sociolingüística, as consecuencias negativas para o idioma debido á imposicion do castelán como lingua escrita, en contraste coa oficialidade culta do portugués. | PE | 100 |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Entender o sentido global de textos escritos de distintas tipoloxías e saber analizar e resumir a súa información esencial. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar que tipo de texto é o máis adecuado para cada situación comunicativa, especialmente dos textos ensaísticos de carácter expositivo e argumentativo. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Escribir textos académicos de carácter formal sobre temas de actualidade con coherencia, riqueza léxica a partir da elaboración dun borrador ou esquema previo. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfosintácticas do galego normativo aos textos propios, incorporando de modo progresivo novo léxico, especialmente dun rexistro formal medio-culto. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Entender o sentido global dun texto escrito, con prioridade para textos que axuden a reflexionar sobre os conceptos de bilingüismo e diglosia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Interpretar correctamente textos representativos dos Séculos Escuros e da etapa da Ilustración, poñéndoas en relación co seu contexto histórico e analizando os seus trazos estéticos definitorios. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e emendar problemas de comprensión lectora empregando os seus coñecementos sobre o uso da lingua. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente os determinantes e pronomes, coñecer as súas particularidades e explicalas reflexivamente e con metalinguaxe específica. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Coñecer distintas relacións semánticas, explicándoas con exemplificacións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. |

| Contidos |
|---|
| - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Descifrando textos: a arte de escribir. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Comprender o sentido global dun texto ensaístico do Padre Sarmiento ou do Padre Feijoo que trate o tema da lingua galega. | TI | 100 |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Comentar, mediante unha posta común na aula, as principais ideas dos ilustrados sobre a lingua galega; explicar os argumentos que utilizan para defendela e dignificala. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar un texto argumentativo no que se defenda a utilidade do galego no contexto do mundo globalizado do século XXI. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos con corrección. Usar un léxico preciso, consultando os dicionarios cando se precise, e empregar axeitadamente os signos de puntuación. Utilizar terminoloxía académica e recursos simbólicos e comparativos. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Investigar nas redes sociais e medios de comunicación dixitais as mensaxes de odio contra a lingua galega; analizar criticamente a ideoloxía que as sustenta e os prexuízos e esterotipos que fomenta na sociedade. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar correctamente fontes de información fiables para extraer información sobre o uso do galego en distintos ámbitos da sociedade. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Saber identificar a estrutura dun texto argumentativo e os trazos do rexistro formal propios do ámbito ensaístico. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler unha escolma de textos da literatura galega do Pre-Rexurdimento e Rexurdimento que non pertenzan a Rosalía, Curros e Pondal, pero que axuden a trazar unha panorámica global das características dese período. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Posta en común na aula, de modo oral, sobre as principais reivindicacións políticas e culturais dos autores e autoras do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | dentificar o tema, estrutura e recursos literarios dalgun texto de autores como Francisco Añón, Xoán Manuel Pintos ou Filomena Dato Muruais. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Pescudar información na rede sobre personaxes relacionados co Rexurdimento como Antolín Faraldo, Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Juan Compañel, Antonio Neira de Mosquera ou Pascual Veiga; coa información obtida o alumnado gravará unha serie de podcasts informativos. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Elaborar, por grupos, unha noticia de prensa que actúe como crónica xornalística do discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui en 1891. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente os signos de puntuación e conectores textuais; revisar os textos para que presenten coherencia semántica e riqueza léxica, dentro dun rexistro formal adecuado para a argumentación; usar unha terminoloxía adecuada para a análise literaria dos textos do Rexurdimento. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Recoñecer os usos dos diversos tipos de determinantes e pronomes nun texto do Rexurdimento e analizar a súa funcionalidade dentro dun contexto comunicativo específico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. |

| Contidos |
|---|
| - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. |
| - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. |
| - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. |
| - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |
| - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. |
| - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. |
| - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. |
| - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias |
| - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. |
| - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. |
| - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. |
| - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. |
| - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. |
| - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. |
| - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |
| - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. |
| - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). |
| - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. |

| Contidos |
|---|
| - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Ler coma quen canta | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identificar o sentido global dun ou varios poemas de Rosalía de Castro para aplicalos correctamente a un recitado público. | TI | 100 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Analizar os recursos expresivos máis destacados dun ou varios poemas de Rosalía de Castro para aplicalos correctamente a un recitado público. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Recitar, diante do conxunto da aula, un ou varios poemas de Rosalía de Castro, tendo en conta factores como a dicción, a correcta entoación, as pausas expresivas e a dramatización do discurso poético, así como as normas de cortesía propias dunha intervención pública diante dun auditorio. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar activamente na aula na posta en común de opinións e valoracións sobre a obra literaria de Rosalía de Castro e o seu valor simbólico como escritora universal da literatura galega. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global dun ou varios poemas de Rosalía de Castro, atendendo ao seu contexto cultural e histórico e tendo en conta os seus valores expresivos. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar os recursos literarios da poesía de Rosalía de Castro e a súa eficacia comunicativa para transmitir ideas e sentimentos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar un comentario argumentado sobre aspectos temáticos da poesía de Rosalía de Castro a partir da antoloxía "Rosalía feminista". | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas case sempre<br>con corrección tanto en textos orais coma escritos. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Analizar o pensamento feminista de Rosalía de Castro a través da súa obra e poñelo en relación con outras escritoras do século XIX. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Consultar en internet fontes fiables de información que ofrezan recursos pedagóxicos para a análise e comprensión da figura de Rosalía de Castro. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Resumir, mediante esquemas e mapas conceptuais, as principais liñas temáticas da poesía de Rosalía de Castro. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Comentar o uso de recursos estilísticos nun ou varios poemas de Rosalía de Castro, poñéndoos en relación cos contidos do texto. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler a antoloxía "Rosalía feminista", coordinada por Helena González. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Na aula, poñer en común oralmente a experiencia de lectura do libro "Rosalía feminista". | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Poñer en contexto a obra de Rosalía de Castro co contexto histórico e cultural do Rexurdimento; valorar a súa contribución á dignificación da lingua galega e á reivindicación de Galicia como pobo, combatendo estereotipos e prexuízos. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Organizar e levar a cabo un espectáculo poético-musical con recitado e interpretación de poemas de Rosalía de Castro | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Usar correctamente os signos de puntuación e conectores textuais; revisar os textos para que presenten coherencia semántica e riqueza léxica, nun rexistro formal; recoñecer e usar correctamente determinantes e pronomes; usar unha terminoloxía adecuada para a análise da obra de Rosalía de Castro. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. |

| Contidos |
| --- |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | Nós tamén navegar | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Lectura de poesía galega contemporánea a partir dunha escolma do libro "Así fala "Penélope (Unha antoloxía de xénero)", elaborada por Marta Dacosta. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Na aula, poñer en común oralmente a experiencia de lectura do libro "Así fala Penélope". | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Argumentar oralmente, logo dunha reflexión grupal, sobre a conexión temática da poesía contemporánea elaborada por mulleres coa tradición feminista iniciada na obra de Rosalía de Castro. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Investigar, a través de internet, sobre a conexión da poesía galega contemporánea con outras artes, especialmente da imaxe. Explorar exemplos de videopoemas elaborados por escritoras galegas actuais, analizando como se establece a relación entre texto e imaxe. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Elaborar por grupos, a partir de modelos previos, unha serie de videopoemas que transformen en pezas creativas os textos da antoloxía "Así fala Penélope". | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar con detalle a trasposición do texto dos poemas ao ámbito da grabación videográfica, para que non se produzan erros que rebaixen a calidade estética dun produto de intención artística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. |

| Contidos |
| --- |
| - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 9 | A locomotora da lingua | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir da investigación sobre a presenza e valoración da lingua galega nos medios de comunicación, na contorna dixital e nos espazos de ocio asociados á mocidade. | PE | 95 |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Coñecer os dereitos lingüísticos dos galego-falantes a partir da análise dalgunhas leis que os rexen, evitando usos discriminatorios da lingua, así como elementos non verbais que denoten abusos de poder. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Aplicar estratexias de diálogo cando xurdan conflitos ou disensións no debate sociolingüístico, buscando o consenso e unha valoración positiva do plurilingüismo que inclúa o uso do galego como sinal de identidade colectiva. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Analizar e interpretar axeitadamente textos argumentativos relacionados coa promoción do uso do galego, xustificando a tipoloxía textual mediante algúns trazos presentes nun texto dado e creando argumentos propios. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar criticamente a forma e o contido de textos dos medios de comunicación que cuestionan a normalización lingüística do galego, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados para contrarrestalos con argumentos racionais e datos estatísticos. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar unha análise coherente, cohesionada e con rexistro adecuado sobre unha viñeta de prensa ou cadro estatístico referente á situación social do galego, planificando e revisando o proceso de elaboración do traballo. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos con corrección. Usar un léxico preciso e apropiado, consultando os dicionarios cando se precise, e empregar axeitadamente os signos de puntuación. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Consultar información sobre o uso do galego entre a mocidade en distintas fontes, organizala, reelaborala e comunicala de xeito creativo, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Distinguir fontes de información fiables arredor da situación sociolingüística do galego, adoptando unha actitude crítica cara aos bulos que circulan polas redes con intención ideolóxica. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Interpretar correctamente poemas representativos da obra de Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal poñéndoos en relación co seu contexto histórico e analizar os seus trazos estéticos definitorios. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e emendar problemas de comprensión lectora empregando os seus coñecementos sobre o uso da lingua. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente verbos e perífrase verbais, así como adverbios, preposicións e conxuncións; coñecer as súas particularidades e explicalas reflexivamente e con metalinguaxe específica. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Distinguir ben os verbos regulares, semirregulares e irregulares en galego. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler unha escolma de textos literarios representativos de Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.<br>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |

| Contidos |
|---|
| - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | O falar non ten cancelas | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Analizar os prexuízos e estereotipos lingüísticos presentes nas redes sociais utilizadas pola mocidade. | TI | 100 |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Coñecer os dereitos lingüísticos dos galego-falantes a partir da análise dalgunhas leis que os rexen, evitando usos discriminatorios da lingua, así como elementos non verbais que denoten abusos de poder. Analizar o uso manipulador da linguaxe en discursos públicos de carácter negacionista. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Aprender a utilizar normas de cortesía básicas na comunicación interpersoal, respectando quendas de palabra e empregando un ton de voz adecuado; uso da linguaxe con carácter asertivo; utilización de mensaxes con argumentación racional desprovista de insultos e descualificacións persoais. | | |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Recoñecer os principais elementos dun acto de comunicación oral e os recursos retóricos necesarios para captar a atención do auditorio. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar, a través de exemplos de discursos públicos de persoas con autoridade e prestixio social, a importancia dunha comunicación oral ben organizada e estruturada, con riqueza léxica e coidado estilístico. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar microdebates na aula sobre temas de actualidade que poidan suscitar o contraste e debate de ideas. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Aprender a colaborar na preparación dos debates de aula, compartindo datos e argumentos, e escoitando as opinións alleas, sempre en beneficio do grupo. Resolver os conflitos que poidan xurdir no traballo en grupo mediante o diálogo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Avaliar a veracidade das fontes de información consultadas para elaborar a argumentación dos debates, mantendo unha actitude crítica fronte ao lixo dixital que se viraliza e dá lugar a "fake news". | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Aprender a recoñecer e usar elementos expresivos como metáforas e símbolos e interrogación retóricas como reforzo estilísitico nunha exposición argumental no contexto dun debate. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |

| Contidos |
|---|
| - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | Ler coma quen soña | 2 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler de modo autónomo e individual unha das seguintes obras: Malcriada (Esther Carrodeguas) ou As alumnas (Paula Carballeira), explicando de xeito argumentado a súa experiencia de lectura. | PE | 80 |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Expresar a súa valoración da lectura autónoma desde unha perspectiva crítica e comparativa, vinculándoas con outros textos literarios ou experiencias artísticas previas e empregando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Análise da obra literaria escollida a partir de preguntas guiadas e fragmentos do texto, coa intención de resumir argumento, tema, personaxes principais, estrutura narrativa e elementos de estilo. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Grabar un vídeo estilo "Booktuber", onde presenten de modo ameno e desenfadado a súa experiencia lectora, recomendando (ou non) a obra a outro alumnado. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Anduriñas voadoras | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Buscar e identificar textos literarios do Rexurdimento que traten o tema da emigración. | TI | 100 |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar o enfoque temático que os textos literarios do Rexurdimento lle dan ao tema da emigración, desde múltiples vertentes: psíquicas, afectivas, identitarias, económicas, sociais, políticas, ideolóxicas... | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar un esquema xeral que recolla autores, textos e fragmentos susceptibles de ser utilizados como punto de partida para elaborar unha exposición en paneis sobre o tema da emigración. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Revisar os textos escollidos e acompañalos dunha explicación didáctica con corrección gramatical, riqueza léxica e claridade expositiva. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Deseñar e elaborar unha exposición en paneis titulada "Anduriñas voadoras" arredor do tema da emigración galega no século XIX a través da visión que ofrecen da mesma textos literarios de Francisco Añón, Xoán Manuel Pintos, Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Escribir un modelo de carta que imite a comunicación escrita entre un emigrante galego do século XIX en América e a súa familia en Galicia. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar o texto dos paneis informativos para que sexan correctos desde un punto de vista gramatical e ortográfico e para que coiden ao detalle aspectos de estilo e claridade expositiva. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar o texto da "Carta dun emigrante" para que reproduza, no estilo, a comunicación afectiva entre un galego e a súa familia. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Comparar as diferenzas ortográficas e léxicas entre o galego escrito dos textos do século XIX e a normativa estándar actual, reflexionando sobre a necesidade do proceso de normativización do idioma. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos |

| Contidos |
|---|
| - usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Debemos achegarnos ao ensino da lingua galega dende a aprendizaxe natural, baseada no que saben e empregan, na reflexión sobre o que aprenden e na asunción do aprendido para a súa aplicación. Mais cómpre ter en conta que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e activación das aprendidas polo que, tanto para a secuenciación dos contidos como para o proceso de ensino-aprendizaxe da materia, trataremos de avanzar reforzando e ampliando as competencias adquiridas con anterioridade.

A lingua é a ferramenta esencial do alumnado para a súa relación co medio, para a adquisición de novos coñecementos e para a súa expresión e capacidade de análise crítica. Así, o discurso e as propiedades textuais deben ser os elementos centrais no bloque de reflexión sobre a lingua e na adquisición da competencia comunicativa. Tamén a oralidade e as competencias activas serán o punto de partida no noso proceso de ensino-aprendizaxe.

Na nosa materia debemos garantir, ademais da aprendizaxe da lingua, un tratamento da literatura galega baseado no gusto pola lectura, na capacitación comunicativa e formación de individuos críticos, nun achegamento á lectura como fonte de pracer e enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura propia e diferenciada. Mais tamén, fronte á conciencia de suxeitos literarios pasivos, receptores de mensaxes literarias, no noso proxecto prestamos especial atención á creación literaria. Fomentaremos a potencia literaria do alumnado motivando a escrita e integrando o coñecemento sobre as etapas, autores e obras, coa creación literaria en soportes tradicionais e dixitais.

Boa parte da importancia da lingua na educación radica en que todas as materias precisan dela, tanto na adquisición como na transmisión de coñecemento. O ensino da lingua galega debe ser tarefa compartida por todo o equipo educativo. Debemos afondar na coordinación entre departamentos nun marco de referencia común que vertebre a aprendizaxe e reflexión sobre as distintas linguas, así como na concepción do plurilingüismo como expresión de riqueza cultural. Neste sentido, fomentarase o Tratamento Integrado das Linguas, con especial coordinación co departamento de Lingua Castelá e Literatura, buscando un certo reparto de contidos, aínda que en ambas as áreas se practiquen todos eles.

A maiores, existen moitos outros contextos, como os medios de comunicación, as ferramentas dixitais etc., onde se produce tamén a aprendizaxe da lingua galega. Sendo conscientes da influencia que estes mecanismos exercen sobre o alumnado, é impensable un concepto educativo que non contemple unha adecuación da competencia comunicativa aos novos eidos da tecnoloxía e da comunicación.

Por outra banda, traballar por competencias na aula supón un cambio metodolóxico importante; procurarase que a persoa docente sexa unha xestora de coñecemento e o alumnado adquira un maior grao de protagonismo no proceso de aprendizaxe.

A materia de Lingua Galega e Literatura é unha das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula a profesora ou profesor manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, fundamentais noutras áreas e contextos de aprendizaxe.

Nalgúns aspectos da materia, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na materia de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos

máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

En definitiva, os principios ou criterios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe na área de Lingua Galega e Literatura concrétanse nos seguintes:

-A comunicación (falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras; sobre o mundo) como motor do pensamento e das reflexións e como porta de acceso ao coñecemento.
-Exercitación da comprensión e produción. Dado que estes procesos son inseparables da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita da realización de actividades moi vinculadas ao cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, etc.
-Competencia lingüística na materia que permitirá ao alumnado intervir no discurso e actuar con coñecemento. O coñecemento formal debe poñerse ó servizo da mellora das habilidades comunicativas.
-Adquisición das formas, estruturas e regras realízase mediante a reflexión e indución sobre os usos contextualizados e ten que redundar no perfeccionamento destes. Daquela, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso e as propiedades textuais converteranse nun dos piares do bloque de funcionamento da lingua.
-Sistematización do funcionamento da lingua, de maneira progresiva ao longo das etapas educativa.
-Adquisición dun coñecemento reflexivo e práctico do idioma que leve ao alumnado a sentirse seguro para usalo con propiedade en calquera situación, mais tamén debe contribuír á comprensión e á valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e á superación dos prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas, encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.
-Desenvolvemento de habilidades relacionadas coa creatividade.
-Capacitación comunicativa do alumnado proporcionándolle modelos de lingua apropiados e creativos nos que prime a dimensión estética, pero tamén se debe erixir como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.
-Desenvolvemento do hábito de ler e o pracer como lector/a. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura.
-Perfeccionamento da capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes e desenvolvemento do espírito crítico.

Para a realización das tarefas, fomentarase tanto o traballo individual como o cooperativo, segundo a finalidade de cada actividade. Así mesmo, en atención á diversidade, contarase coa colaboración do Departamento de Orientación para o alumnado con adaptacións curriculares significativas, reforzos e establecemento de protocolos adecuados a cada necesidade. Por último, tamén en relación á atención á diversidade, o alumnado exento da materia de lingua estranxeira contará con horas dedicadas ao reforzo da lingua galega.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais e recursos didácticos para o curso de 1º BAC |

Os materiais e recursos didácticos que o profesorado desta área empregará no proceso de ensinanza-aprendizaxe han de:

1.Axeitarse aos contidos establecidos no currículo e ás directrices da Concreción Curricular do centro.
2.Expoñer os contidos de xeito claro, conciso e organizado mediante unha linguaxe adecuada ao nivel académico ao que vai dirixido ese material.
3.Traballar as distintas destrezas vinculadas coa materia de lingua e literatura galegas (lectoescritura correcta, lectura comprensiva, coherencia expositiva, secuenciación e organización de ideas...).
4.Incluír variedade de contidos, tanto lingüísticos como literarios.
5.Servir, principalmente, para fomentar o traballo en grupo.
6.Empregar unha linguaxe non sexista.

7. Non ser discriminatorios en relación cos distintos grupos, minorías ou clases sociais.
8. Favorecer a comunicación entre alumnos/as e entre estes co profesor.
En concreto, empregaranse os seguintes recursos materiais:
Libro de texto:
-1º Bach: GONZÁLEZ AVIÓN, I. e INSUA LÓPEZ, E. : Lingua galega e literatura. 1º Bacharelato. Baía Edicións.
Libros de lectura:
Lecturas obrigatorias (para escoller unha por avaliación cando hai dúas opcións).
1ª avaliación:
- ALONSO, Xulia: Futuro imperfecto. Galaxia
-COSTAS, Ledicia: Golpes de luz. Xerais.
2ª avaliación:
-GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (ed.) Rosalía feminista. Xerais.
3ª avaliación:
-CARRODEGUAS, Esther : Malcriada, Edicións Positivas.
-CARBALLEIRA, Paula : As aluumnas. Galaxia.
Lecturas optativas:
-ANEIROS, Rosa: Resistencia. Xerais.
-LOPO, Antón: Extraordinario. Xerais.
-FEIJOO, Pedro: A memoria da choiva. Xerais
-PORTAS, Manuel: Por puntos. Galaxia
-MARIÑO, Xurxo: Terra. Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo. Xerais.
-ALONSO, Álex: Tempo de bebidas isotónicas e de fast-food. Xerais.
-DE TORO, Suso. Polaroid. Xerais.
-CABANA, Darío Xohán: Galván en Saor. Xerais.
-NÚÑEZ SINGALA, Manuel: Instrucións para tomar café. Galaxia.
- COSTAS, Ledicia: Un animal chamado néboa. Xerais.
Outros materiais:
1.Material teórico elaborado polas persoas docentes (fotocopias, presentacións de diapositivas, esquemas, etc.)
2.Biblioteca do centro e de aula.
3.Recursos que se poidan obter coas TIC: páxinas de distintas webs, blogs, audios, vídeos...
4.Mapas conceptuais dos contidos que vaian ser presentados ou revisados para a súa posterior avaliación.
5.Arquivos de audio e vídeo para traballar a comprensión e expresión oral, escrita e mesmo literaria.
6.Bibliotecas virtuais que esixan un elemental manexo.
7.Textos específicos fotocopiados.
8.Recursos fotocopiables con actividades de reforzo e/ou ampliación e lecturas.
9.Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
10.Fragmentos de obras literarias (narrativa, escolmas poéticas, textos dramáticos...).
11.Gramáticas e dicionarios.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras semanas do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.
Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
Esta proba, partirá dun texto literario, xornalístico, etc. e poderá constar das seguintes partes:
- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 6 | 3 | 3 | 20 | 4 | 4 | 4 | 20 | 6 |
| Proba escrita | 100 | 0 | 80 | 0 | 100 | 0 | 0 | 0 | 95 | 0 |
| Táboa de indicadores | 0 | 100 | 20 | 100 | 0 | 100 | 100 | 100 | 5 | 100 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 4 | 6 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 0 | 65 |
| Táboa de indicadores | 20 | 100 | 35 |

**Criterios de cualificación:**

En primeiro lugar, a nivel global, realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final.
Para aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica, que poden consultarse no apartado 3.1. En canto á avaliación de cada unha destas unidades, é importante esclarecer que en cada trimestre se realizarán unha ou dúas probas escritas que permitirán avaliar os contidos para os que se destinou este instrumento de avaliación.
A nota de cada trimestre corresponderase coa media ponderada das cualificacións das unidades didácticas abranguidas nel, tendo en conta as porcentaxes recollidas no apartado 3.1. desta programación.
Pese a ser avaliación continua, realizaranse actividades de recuperación por trimestre, xa que posibilitan a adecuada progresión ao longo do curso.
Para o cálculo da cualificación final do curso, farase a media ponderada das notas medias dos tres trimestres, contando que o 1º e 2º trimestres terán un peso do 32% cada un e o 3º contará o 36%, como se recolle tamén no apartado 3.1 ao sumar os pesos das unidades de cada unha das tres avaliacións. Este maior peso do 3º trimestre débese a que se entende a avaliación como un proceso continuo e formativo, de xeito que as competencias estarán mellor adquiridas canto máis avanzado estea o curso.
Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha nota final de 5 puntos ou superior, aplicando o redondeo matemático, tendo en conta o conxunto de actividades de cada avaliación (e recuperación no seu caso), non só as probas escritas.
Alén disto, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas e/ou expresivas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada instrumento de avaliación. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata 2 puntos sobre 10 na súa cualificación.
O profesorado establecerá a puntuación que hai que descontar para cada unha das incorreccións, atendendo á súa gravidade. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser causa de o alumno ou alumna non superar a proba por este motivo.

En caso de que se comprobe que hai copia, plaxio ou uso de aplicacións de intelixencia artificial non autorizadas pola docente en calquera actividade ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos). Así mesmo, se durante a realización dunha proba, se sorprende un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que outra persoa copie, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

**Criterios de recuperación:**

De acordo coa Orde de 8 de setembro de 2021, de atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma, en cada avaliación as persoas que non aproban teñen oportunidade de recuperala mediante unha proba escrita ou outras actividades. Ás cualificacións obtidas nelas, súmanselles as que tiñan nas demais partes e vólvese calcular a nota desa avaliación.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dado que o alumnado que cursa este nivel superou a etapa da ESO, non ten ningunha materia pendente, tampouco a nosa. Por outro lado, este curso académico temos tres persoas de 2º de Bacharelato con Lingua galega e literatura de 1º Bacharelato pendente;  o plan de recuperación que deben seguir figurará na programación de 2º de Bacharelato, por ser o seu curso de referencia.

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

# 6. Medidas de atención á diversidade

A aula é un espazo plural formada por alumnado que presenta diversos ritmos e estilos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais variades etc. É por iso que debemos atender á diversidade dos grupos empregando unha metodoloxía que se adecúe, na medida do posible, a cada persoa.
A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o Bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».
Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
Estas medidas, tamén recollidas na Orde de 8 de setembro de 2021, de atención á diversidade do alumnado dos centros docentes
da Comunidade Autónoma de Galicia, clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.
Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS).
No caso das ACS, o profesorado que imparte a materia elaborará unha proposta de adaptación para todo o alumnado

que a precise, seguindo o modelo que o centro docente teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Ademais, será o responsable do desenvolvemento e da avaliación desa adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio que lle imparte clase a ese alumno ou alumna. Todo este proceso realizarao co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.
No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborarase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.
Neste sentido, no momento de elaboración desta PD os casos de NEAE cos que contamos en 1º de BAC son:
-1 caso de TDAH, con trazos disléxicos e transtorno pragmático social.
- 1 caso de TDAH e  transtorno ansioso.
- 1 caso de TDAH e TEA.
Para atender estas necesidades, aplicaranse no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno as medidas ordinarias establecidas polos protocolos correspondentes, para o que contaremos co apoio do Equipo de Orientación do centro.
Por outra parte, consideramos neste apartado o alumnado exento da materia porque procede doutras comunidades autónomas españolas ou do estranxeiro, que tamén precisa de medidas especiais de atención. Ante a falta dun necesario plan de integración lingüística e cultural, para o que non dispoñemos de recursos humanos nin materiais, o profesorado achégalles materiais, na aula ou a través da Aula Virtual, para que vaia adquirindo coñecementos básicos da lingua e cultura galegas de maneira autónoma; as ratios de alumnado impiden unha axuda máis individualizada.
Ademais do anterior, implementaranse outras medidas válidas para a diversidade xeral do grupo como as seguintes:
-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarase de que a entendeu todo o alumnado.
-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
-Propor exercicios variados.
-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo.
-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)
En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:
-Reducir e fragmentar as actividades.
-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
-Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.
En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:
-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
-Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.
-Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
-Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
-Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
-Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.

-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual | | | | X | | | | X |
| ET.4 - A competencia dixital | | X | | X | | X | | X |
| ET.5 - O emprendemento social e empresarial | | | | | | | | |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico | | X | X | | X | X | | X |
| ET.7 - A educación emocional e en valores | | | X | | | | X | |
| ET.8 - A igualdade de xénero | | X | | | X | | X | |
| ET.9 - A creatividade | | | X | | | | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual | | | | X |
| ET.4 - A competencia dixital | | | | X |
| ET.5 - O emprendemento social e empresarial | | X | | X |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico | X | X | | |
| ET.7 - A educación emocional e en valores | X | X | X | X |
| ET.8 - A igualdade de xénero | | X | X | |
| ET.9 - A creatividade | | | X | X |

**Observacións:**

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:
- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Ademais, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, « evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».
Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que aparecen marcados en todas elas.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Roteiro literario-cultural relacionado cos contidos tratados durante o curso | Roteiro Pondaliano. | | X | |
| Encontro con autoras/es da literatura galega | Celebraranse en datas simbólicas arredor de celebracións como o Día de Rosalía, o Día do Libro ou o Día das Letras Galegas. | X | | |
| Asistencia a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas | Trataremos sempre de buscar obras de actualidade adecuadas ao nivel e intereses culturais do alumnado | | | X |

**Observacións:**

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.
O número de actividades complementarias programadas non excede das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.
Finalmente, é posible que, ademais das sinaladas, ao longo do curso xurdan actividades de interese relacionadas con este nivel e próximas ao centro, nas que procuraremos que participe o noso alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 5.O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos. |

| |
|---|
| 9.Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 12.Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización. |
| 13.Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución. |
| 14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados. |
| 19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia. |
| 21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase. |
| 23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora. |
| 24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras. |
| Metodoloxía empregada |
| 6.As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| 15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 3.Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| 4.Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso. |
| 11.Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas. |
| 16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos. |
| Clima de traballo na aula |
| 1.Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| 2.Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia. |
| 7.Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| 20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 10.Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Clubs de Lectura). |
| 17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.). |
| 18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora. |
| 22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos. |
| Outros |
| 8.O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías. |

**Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".
Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.
Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.
A estrutura desta PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022.
En caso de calquera circunstancia imprevista, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente no referido á metodoloxía e aos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Fixéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na Memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados